



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación coa **perda de catro bandeiras azuis nas praias do concello de Ribeira.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O BNG leva interesándose, a través de iniciativas ao Pleno do Concello de Ribeira, sobre a mellora das condicións sobre os recursos naturais e paisaxísticos do noso concello e máis concretamente pola mellora de servizos nas praias do noso concello que sirven como espazo de lecer e esparcemento para a nosa cidadanía así como de reclamo turístico.

Durante anos varias das nosas praias tiveron o distintivo da *Bandeira Azul* como recoñecemento á dotación de servizos (limpeza, baños, duchas, servizo de socorrismo, entre outros) outorgadas pola *Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor*. Este mesmo ano foron 6 as praias que inicialmente obtiveron tal recoñecemento.

En diversos medios de comunicación de hoxe 9 de xuño de 2009 afirmase que a entidade que outorga as Bandeiras Azuis, obrigou ao concello á retirada de 4 destas 6 bandeiras (concretamente n'A Corna, Río Azor, Touro e A Ameixida) debido a que non se contaba cos servizos de perceptivos de salvamento. Situación esta que nos parece especialmente grave xa que os usuarios e usuarias das praias que van a unha praia con este distintivo pensan que hai persoal que vela pola súa seguridade.

Ante esto o grupo municipal do BNG de Ribeira

#### **SOLICITA:**

- 1º Información por escrito do que pasou sobre este tema.
- 2º Información por escrito de porque se chegou a esta situación.
- 3º Saber se o Sr. Alcalde vai solicitar algún tipo de responsabilidades, se son certos estes feitos, sobre este tema .

Ribeira, 9 de Xullo de 2009

Asdo.: Luís Teira Parada  
Concelleiro do BNG de Ribeira